



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 10 de noviembre de 2021 por el que se aprueba la convocatoria de ayudas para el transporte en taxi de personas con discapacidad para el ejercicio 2022. "BONOTAXI 2022"

BDNS(Identif.):594616

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/594616>).

Primero.-Beneficiarios.

Podrán acceder a la condición de persona beneficiaria de las subvenciones las personas con discapacidad reconocida por el organismo competente de la Xunta de Galicia, o Administración competente, que afecte gravemente a la movilidad y que les impida utilizar los transportes públicos colectivos. Esta condición debe quedar acreditada en el documento administrativo que certifique la discapacidad.

Las personas beneficiarias, además de los previstos con carácter general en el artículo 13 de la Ley General de Subvenciones deberán cumplir los siguientes requisitos:

- a) Ser mayor de 3 años.
- b) Residir en el Ayuntamiento de A Coruña y constar como empadronado.
- c) Tener reconocida legalmente la condición de persona con discapacidad mediante resolución (o documento equivalente) del organismo competente de la Xunta de Galicia o Administración competente en la que conste que la discapacidad afecta gravemente a la movilidad e impide utilizar los transportes públicos colectivos.
- d) En el caso de que la persona solicitante se encuentre en activo, no tener reconocido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral o cualquier otro título acreditativo. Ni tampoco tener derecho a este servicio a través de ISFAS, MUFACE u otra entidad.
- e) Si la persona es mayor de 18 años, no constar como titular de vehículo.
- f) No disponer de una capacidad económica, calculada conforme a lo establecido en la cláusula 6.4, superior al 210% del IPREM vigente en el año 2022.
- g) Estar al corriente de sus obligaciones fiscales con la Agencia Estatal de la Administración Tributaria (AEAT), con el Ayuntamiento de A Coruña, así como con la Tesorería de la Seguridad Social.

Segundo.-Objeto.

La convocatoria está dirigida a personas con una discapacidad que afecte gravemente a la movilidad y les impida utilizar los transportes públicos colectivos, con el fin de proporcionarles un servicio alternativo de taxis para sus desplazamientos.

Tercero.-Bases reguladoras.

Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Excmo. Ayuntamiento en Pleno, en sesión de fecha 11 de abril de 2005 (B.O.P de A Coruña número 92, de 25/04/2005).

Cuarto.-Cuantía.

El importe global de las subvenciones objeto de esta convocatoria específica es de ciento cincuenta mil euros (150.000,00 €) gasto imputable a la aplicación presupuestaria 51.231.480.06 del siguiente modo:

- 125.000,00 € se imputarán con cargo al presupuesto municipal del ejercicio 2022.
- 30.000,00 € se imputarán con cargo al presupuesto municipal del ejercicio 2023.

Quinto.-Plazo de presentación de solicitudes.

La solicitud específica de subvención se presentará en la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl> en el plazo de 1 mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

También podrán presentarse en el Registro General de Entrada del Ayuntamiento de A Coruña o por cualquiera de los medios regulados en el art. 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Sexto.-Otros datos.**Compatibilidad con otras ayudas**

Esta subvención es compatible con otras ayudas, de entidades públicas o privadas. En ningún caso el importe de la subvención municipal podrá ser de tal cuantía que, en concurrencia con otros ingresos, subvenciones o ayudas, supere el coste de la actividad o proyecto justificado por la persona beneficiaria.

Forma de pago

La concesión de la ayuda del bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica la cesión del derecho de cobro a las personas titulares de los taxis o a sus representantes, por lo que el pago de la ayuda se practicará efectivamente a estos por delegación. Las/os taxistas o personas físicas o jurídicas que ejerzan su representación facturarán al Ayuntamiento de A Coruña el importe de los servicios prestados, acompañando los bonos recibidos.

El pago delegado al proveedor del servicio en ningún caso supone la existencia de una relación contractual con el Ayuntamiento

A Coruña

10/11/2021

El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, Juan Manuel Díaz Villoslada

Extracto do Acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de novembro de 2021 polo que se aproba a convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade para o exercicio 2022. "BONOTAXI 2022"

BDNS(Identif.):594616

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/594616>).

Primeiro.-Beneficiarios.

Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia, ou Administración competente, que afecte gravemente á mobilidade e que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos. Esta condición debe quedar acreditada no documento administrativo que certifique a discapacidade

As persoas beneficiarias, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 3 anos.
- b) Residir no Concello da Coruña e constar como empadroado.
- c) Ter recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade mediante resolución (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente na que conste que a discapacidade afecta gravemente á mobilidade e impide utilizar os transportes públicos colectivos.

d) No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

e) Se a persoa é maior de 18 anos, non constar como titular dun vehículo.

f) Non dispoñer dunha capacidade económica, calculada conforme ao establecido na cláusula 6.4, superior ao 210% do IPREM vixente no ano 2022.

g) Estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello da Coruña, así como coa Tesourería da Seguridade Social.

Segundo.-Obxecto.

A convocatoria está dirixida a persoas cunha discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos, co fin de proporcionarlles un servizo alternativo en taxi para os seus desprazamentos.

Terceiro.-Bases reguladoras.

Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Excmo. Concello en Pleno, en sesión de data 11 de abril de 2005 (B.O.P da Coruña número 92, do 25/04/2005).

Cuarto.-Contía.

O crédito total destinado a esta convocatoria é de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.480.06 do seguinte xeito:

- 125.000,00 € imputaranse con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2022.
- 30.000,00 € imputaranse con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2023.

Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude específica de subvención presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl> no prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexto.-Outros datos.

Compatibilidade con outras axudas

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria

Forma de pagamento

A concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobranza ás persoas titulares dos taxis ou aos seus representantes, polo que o pago da axuda practicarase efectivamente a estes por delegación. As/os taxistas ou persoas físicas ou xurídicas que exerzan a súa representación facturarán ao Concello da Coruña o importe dos servizos prestados, acompañando os bonos recibidos.

O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual co Concello.

A Coruña

10/11/2021

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, Juan Manuel Díaz Villoslada

2021/7987